



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Xustiza



MEMORIA DAS ACTIVIDADES DO INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA –Imelga-

ANO 2018

Índice

Introdución

Presentación	3
Distribución territorial e de persoal	4-11

Memoria do Servizo de Clínica forense

Presentación	12
Pericia médica	13-18
Pericia psicolóxica e social, introdución e datos xerais	19
Pericia psicolóxica	20-21
Pericia de traballo social	22-23

Memoria do Servizo de Patoloxía forense

Presentación e datos globais 2015.....	24-25
--	-------

Datos por Subdireccións

A Coruña	26
Ferrol	27
Lugo	28
Ourense	29
Pontevedra	30
Santiago de Compostela	31
Vigo	32

Estudo da pericia en patoloxía forense	33
--	----

Evolución da pericia anos 2012-2018	33
---	----

Estudo da morte violenta

– Morte homicida	34
– Morte suicida	35-36
– Morte accidental	37
– Estudo das mortes na condución de vehículos a motor	38-44

Memoria de unidade de antropoloxía forense	45
--	----

Actividade docente, investigación científica e colaboracións	46
--	----

INTRODUCCIÓN

O instituto de Medicina Legal de Galicia, Imelga, concentra a pericia pública oficial médico legal, de psicoloxía e traballo social forense. Está estruturado en sete Subdireccións Territoriais: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo. Toda a súa actividade organízase en torno a dous grandes servizos, o Servizo de Patoloxía Forense e o Servizo de Clínica Forense.

O Servizo de Patoloxía forense concentra a actividade relacionada coa investigación xudicial da morte. O seu campo propio de actuación é o da morte violenta e a sospeitosa de criminalidade, pero determinados factores normativos, estruturais e funcionais, fan que, na práctica cotiá, o médico forense interveña en moitos casos de morte natural.

O Servizo de Clínica forense, pola súa banda, abarca todas as outras pericias médicas, psicolóxicas ou de traballo social que son demandadas por Xuíces, Tribunais e Fiscalía. A este Servizo corresponde tamén a pericia que fan as unidades de valoración integral da violencia de xénero e a pericia psicosocial en materia de familia

A pericia médica dentro do ámbito da Clínica médico forense, divídese principalmente en dúas áreas, unha de valoración principalmente física e outra de valoración principalmente psiquiátrica. Se ben en cada área poden presentarse cuestións de toda índole, no primeiro grupo destacan as pericias sobre valoración de lesións, da capacidade psicofísica e o estado de saúde, en relación con diversas situacións (capacidade laboral, dependencia, excarceracións, capacidade para realizar traballos en servizo da comunidade ou de cumpriren outro tipo de penas, etc.); no campo da Psiquiatría forense a valoración en relación coa imputabilidade, a capacidade de obra, ó dano psíquico das vítimas de delitos, as diversas pericias en torno ós trastornos por dependencia e os internamentos psiquiátricos ou residenciais, concentran a maior parte do traballo.

Pola súa banda, a pericia no campo da psicoloxía e do traballo social forense, concéntrase principalmente nos asuntos de familia. Nesta materia psicólogos e traballadores sociais actúan de forma conxunta como equipos psicosociais. Tamén se integran, xunto cun médico forense experto, nas unidades de valoración integral de violencia de xénero. Os psicólogos forenses, teñen pericias específicas, que realizan de xeito independente, como a credibilidade da testemuña en menores vítimas de abuso sexual, ou a valoración do dano psicolóxico. As pericias exclusivas de traballo social son menos frecuentes, seguramente por descoñecemento do que estes profesionais poden aportar á investigación xudicial, pero si que existe pericia de traballo social exclusiva.

Ademais dos peritos, o Imelga o integran persoal funcionario dos corpos xerais e persoal auxiliar de autopsias. Os primeiros, como responsables da tramitación e xestión de todos os actos ligados a realización das probas periciais e, os segundos, como persoal técnico colaborador do médico forense, no campo da Patoloxía forense

O ámbito de actuación do Imelga é a Comunidade Autónoma de Galicia. Conta con 64 médicos forenses, 17 psicólogos, 17 traballadores sociais, 21 funcionarios dos corpos xerais e 15 auxiliares de autopsia.

Distribución territorial e persoal do Imelga

Os seguintes cadros van a amosar as características territoriais e de poboación, así como a dotación de persoal das distintas Subdireccións do Imelga. No primeiro cadro amósanse os partidos xudiciais e municipios que integran os partidos xudiciais que corresponden a cada Subdirección e, a continuación os datos de superficie e poboación do territorio e o número de efectivos.

SUBDIRECCIÓN DE A CORUÑA	
Partidos Xudiciais	Municipios
4	39
A Coruña	A Coruña Arteixo Cambre Carral Cerdea Culleredo Oleiros
Betanzos	Abegondo Aranga Bergondo Betanzos Coirós Curtis Irixoa Miño Monfero Oza-Cesuras Paderne Pontedeume Sada Sobrado Vilarmaior Vilasantar
Carballo	A Laracha Cabana de Bergantiños Carballo Coristanco Laxe Malpica de Bergantiños Ponteceso
Corcubión	Camariñas Cee Corcubión Dumbría Fisterra Muxía Vimianzo Zas
Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro 2018 IGE)	561.519 habitantes
Superficie	3.034,90 km²

Persoal: 12 médicos forenses, 3 psicólogos, 3 traballadores sociais, 4 funcionarios dos corpos xerais (3 tramitadores e un auxilio xudicial) e 3 auxiliares de autopsia.

SUBDIRECCIÓN DE FERROL	
Partidos Xudiciais	Municipios
2	18
Ferrol	A Capela
	As Pontes de García Rodríguez
	As Somozas
	Ares
	Cabanas
	Fene
	Ferrol
	Mugardos
	Narón
	Neda
	San Sadurniño
	Valdoviño
Ortigueira	Cariño
	Cedeira
	Cerdido
	Mañón
	Moeche
	Ortigueira
Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro 2018 IGE)	180.612 habitantes
Superficie	1.354,90 km²

Personal: 5 médicos forenses, 2 psicólogos, 2 traballadores sociais, 2 funcionarios dos corpos xerais (1tramitador e 1 auxilio), 2 auxiliares de autopsia

SUBDIRECCIÓN DE LUGO	
Partidos Xudiciais	Municipios
9	67
A Fonsagrada	A Fonsagrada
	Baleira
	Navia de Suarna
	Negueira de Muñiz
	Ribeira de Piquín
Becerreá	As Nogais
	Baralla
	Becerreá
	Cervantes
	Pedrafita do Cebreiro
	Triacastela
Chantada	Antas de Ulla
	Carballedo
	Chantada
	Monterroso
	Palas de Rei
	Portomarín
	Taboada
Lugo	Castro de Rei
	Castroverde
	Friol



	Guntín
	Lugo
	Meira
	O Corgo
	Outeiro de Rei
	Pol
	Rábade
Mondoñedo	A Pastoriza
	A Pontenova
	Abadín
	Alfoz
	Barreiros
	Lourenzá
	Mondoñedo
	O Valadouro
	Ribadeo
	Riotorto
	Trabada
Monforte de Lemos	A Pobra do Brollón
	Bóveda
	Folgoso do Courel
	Monforte de Lemos
	Pantón
	O Saviñao
	Quiroga
	Ribas de Sil
	Sober
Sarria	Láncara
	O Incio
	O Páramo
	Paradela
	Samos
	Sarria
Vilalba	Begonte
	Cospeito
	Guitiriz
	Muras
	Vilalba
	Xermade
Viveiro	Burela
	Cervo
	Foz
	O Vicedo
	Ourol
	Viveiro
	Xove
Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro 2018 IGE)	331.327 habitantes
Superficie	9.858Km²

Personal: 8 médicos forenses, 2 psicólogos, 2 traballadores sociais, 2 funcionarios dos corpos xerais (1 tramitador e 1 auxilio xudicial), 2 auxiliares de autopsia



SUBDIRECCIÓN DE OURENSE		
Partidos Xudiciais	9	Municipios
		99
A Pobra de Trives		A Pobra de Trives
		A Teixeira
		Castro Caldelas
		Chandrea de Queixa
		Larouco
		Manzaneda
		Montederramo
		O Bolo
		San Xoán de Río
		Viana do Bolo
	Vilariño de Conso	
Bande		Bande
		Calvos de Randín
		Entrimo
		Lobeira
		Lobios
		Muiños
		Padrenda
		Verea
Celanova		A Bola
		A Merca
		Cartelle
		Celanova
		Gomesende
		Quintela de Leirado
		Ramirás
O Barco de Valdeorras		A Rúa
		A Veiga
		Barco de Valdeorras
		Carballeda de Valdeorras
		Petín
		Rubiá
		Vilamartín de Valdeorras
O Carballiño		Beariz
		Boborás
		Maside
		O Carballiño
		O Irixo
		Piñor
		Punxín
		San Amaro
		San Cristovo de Cea
Ourense		A Peroxa
		Allariz
		Amoeiro
		Baños de Molgas
		Barbadás
		Coles
		Esgos
		Maceda
		Nogueira de Ramunín
		O Pereiro de Aguiar
		Ourense
		Paderne

	Paradas de Sil
	San Cibrao das Viñas
	Taboadela
	Toén
	Vilamarín
	Xunqueira de Ambía
	Xunqueira de Espadanedo
Ribadavia	A Arnoia
	Avión
	Beade
	Carballada de Avia
	Castrelo de Miño
	Cenlle
	Cortegada
	Leiro
	Melón
	Pontedeva
	Ribadavia
Verín	A Gudiña
	A Mezquita
	Castrelo do Val
	Cualedro
	Laza
	Monterrei
	Oímbra
	Riós
	Verín
	Vilardevós
Xinzo de Limia	Baltar
	Porqueira
	Os Blancos
	Rairiz de Veiga
	Sandiás
	Sarreaus
	Trasmiras
	Vilar de Barrio
	Vilar de Santos
	Xinzo de Limia
Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro 2018 IGE)	309.293 habitantes
Superficie	7.273 Km²

Persoal: 8 médicos forenses, 2 psicólogos, 2 traballadores sociais, 2 funcionarios dos corpos xerais (1 tramitador e 1 auxilio xudicial), 2 auxiliares de autopsia

SUBDIRECCIÓN PONTEVEDRA	
Partidos Xudiciais	Municipios
6	28
Caldas	Barro
	Caldas
	Campolameiro
	Cuntis
	Moraña
	Pontecesures
	Portas
	Valga



Cambados	Cambados
	Meaño
	Meis
	O Grove
	Ribadumia
	Sanxenxo
Cangas	Cangas
	Moaña
	Vilaboa
Marín	Bueu
	Marín
Pontevedra	A Lama
	Cotobade
	Poio
	Pontecaldelas
	Pontevedra
Vilagarcía de Arousa	A Illa de Arousa
	Catoira
	Vilagarcía de Arousa
	Vilanova de Arousa
Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro 2018 IGE)	387.199 habitantes
Superficie	1.298,61 km²

Personal: 8 médicos forenses, 2 psicólogo, 2 traballadores sociais, 3 funcionarios dos corpos xerais (2 tramitadores e 1 auxilio xudicial), 2 auxiliares de autopsia.

SUBDIRECCIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	
Partidos Xudiciais	10
Municipios	46
A Estrada	A Estrada
	Cerdedo
	Forcarei
Arzúa	Arzúa
	Boimorto
	Melide
	O Pino
	Santiso
	Toques
	Touro
Lalín	Agolada
	Dozón
	Lalín
	Rodeiro
	Silleda
	Vila de Cruces
Muros	Carnota
	Mazaricos

	Muros
	Outes
Negreira	A Baña
	Brión
	Negreira
	Santa Comba
Noia	Lousame
	Noia
	Porto do Son
Ordes	Frades
	Mesía
	Ordes
	Oroso
	Tordoia
	Trazo
	Val do Dubra
Padrón	Dodro
	Padrón
	Rianxo
	Rois
Ribeira	A Pobra
	Boiro
	Ribeira
Santiago de Compostela	Ames
	Boqueixón
	Santiago
	Teo
	Vedra
Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro 2018 IGE)	444.559 habitantes
Superficie	4857,06 Km²

Persoal: 11 médicos forense (1 dedicado as tarefas de dirección), 3 psicólogos, 3 traballadores sociais, 3 funcionarios dos corpos xerais 2 tramitadores (un actuando como secretario do Instituto) 1 auxilio, 2 auxiliares de autopsia

SUBDIRECCIÓN DE VIGO	
Partidos xudiciais	5
Municipios	25
O Porriño	Mos
	O Porriño
	Salceda de Caselas
Ponteareas	A Cañiza
	Arbo
	As Neves
	Covelo
	Crecente
	Mondariz
	Mondariz-Balneario
	Ponteareas
	Salvaterra do Miño
Redondela	Fornelos de Montes
	Pazos de Borbén



	Redondela
	Soutomaior
Tui	A Guarda
	O Rosal
	Oia
	Tomiño
	Tui
Vigo	Baiona
	Gondomar
	Nigrán
	Vigo
Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro 2018 IGE)	526.577 habitantes
Superficie	1.588,17 km²

Persoal: 12 médicos forenses, 3 psicólogos, 3 traballadores sociais, 3 funcionarios dos corpos xerais (2 tramitadores e 1 auxilio), 2 auxiliares de autopsia.

MEMORIA DO SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE 2018

O longo do ano 2018 solicitáronse **28571** pericias no ámbito da clínica forense, xerándose **25.437** informes pericias en relación coas mesmas. O número de no asistencias a citación para recoñecemento médico, psicolóxico ou social, foi de **3.348** incomparecencias, das cales **3.147** foro para recoñecemento médico forense.

A realización da pericia obriga na maior parte dos casos ó recoñecemento ou consulta dos suxeitos a valorar, en unha ou varias citas sucesivas, realización de probas complementarias, valoración de documental existente no procedemento e investigación bibliográfica. En moitas ocasións se fan desprazamentos a centros hospitalarios ou domicilios e outras institucións, para a valoración das persoas residentes, daquelas que teñen imposibilidade de desprazamento ou cando se queren avaliar factores do entorno de especial interese para o caso. Estas actividades ocupan a xornada habitual dos peritos médicos, psicólogos e traballadores sociais. A elas hai que sumar o tempo necesario para a elaboración do informe e a asistencia a xuízo.

A pericia médica segue a ser a principal no seo do Imelga. Son estes profesionais os mais demandados polos órganos xudiciais e Fiscalía e os únicos que están dispoñibles para actuacións urxentes as vinte e catro horas do día, todos os días do ano, a través do servizo de garda.

Interpretación dos datos en Clínica forense

Á hora de interpretaren as cifras que se presentan é importante coñecer que o número de procedementos xudiciais abertos nos que se solicita un informe pericial ó Imelga, non é, polo xeral, equivalente ou igual o número de pericias, xa que logo pode solicitarse mais dunha pericia por procedemento, como no das pelexas, no que no mesmo procedemento pódese solicitar a valoración de varios lesionados. Incluso pode tratarse de pericias de diversa natureza referidas o mesmo suxeito (p.ex: valoración de lesións e dano psicolóxico nunha vítima dunha agresión). Tamén é habitual que se pidan pericias de distinta natureza, sobre distintos suxeitos nun mesmo procedemento (seguindo o exemplo anterior, as pericias sobre a vítima podería sumarse a avaliación da imputabilidade do autor dos feitos).

No caso da valoración en materia de familia, a non correlación entre número de procedementos e número de pericias dáse en todos os casos, xa que logo a intervención pericial, que nesta materia fan os psicólogos e os traballadores sociais, supón a avaliación de, po lo menos, os suxeitos principais da estrutura familiar: pais, nais e fillos, ós que se pode sumar outras persoas convivintes no seo da familia, ou persoas que sen residir no mesmo domicilio teñen un papel importante na dinámica familiar, como poden ser os avós.

O seguinte cadro trata de presentar de xeito global a actividade do Servizo de Clínica forense o longo do 2018

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2018		
NÚMERO TOTAL DE PERICIA SOCILITADA		28.571
	PERICIA MÉDICA	23.098
	PERICIA PSICOLÓXICA	2.973
	PERICIA SOCIAL	2.500
NÚMERO DE INFORMES EMITIDOS		25.437
OTRAS ACTUACIONES		1.226
NO ASISTENCIAS		3.348

No pasado 2018 as cifras globais de pericia tiveron un descenso do 2,82%, debido a sobre todo o descenso da pericia psicosocial en materia de familia, que no ano pasado tivo un incremento debido ó plan extraordinario de diminución das listas de espera nesta materia. A pericia médica cae pouco, xa que case ten descontado o efecto da despenalización das faltas, que se produzo no 2015. Veremos como evoluciona neste ano e no vindeiro 2020, xa que logo determinadas conductas imprudentes no eido de tráfico, volvéronse introducir no código penal.

A continuación, pasamos a analizar de xeito independente cada unha de estas pericias.

PERICIA MÉDICA

A pericia médica, dentro do ámbito da Clínica médico forense, divídese principalmente en dúas áreas, unha de valoración principalmente física ou psicofísica, e outra de valoración principalmente psiquiátrica. Na medida que o permite a asistencia os órganos xudiciais, os médicos forenses traballan dun xeito preferentemente especializado, en unha ou outra destas áreas.

A este Servizo corresponde tamén a pericia que fan as unidades de valoración integral da violencia de xénero e tódalas outras que podan seren solicitadas por Xuíces, Fiscalías e Tribunais con respecto as persoas incursoas nun determinado procedemento.

A distribución da pericia médica en clínica forense no ano 2018 amósase no seguinte recadro:

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2018		
NÚMERO DE PERICIAS MÉDICO FORENSES		23.098
	VALORACIÓN FÍSICA OU PSICOFÍSICA	11.227
	PSIQUIATRÍA FORENSE	10.430
	VALORACIÓN INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO	310
	OUTRAS PERICIAS	1.131
NÚMERO DE INFORMES MÉDICO FORENSES EMITIDOS		22.301
NO ASISTENCIAS		3.147

VALORACIÓN FÍSICA/PSICOFÍSICA

Esta área inclúe principalmente dous tipos de pericia: o estudo médico legal das lesións e a determinación da capacidade psicofísica.

O estudo médico legal das lesións pode ter por obxecto a avaliación dos danos persoais sufridos con ocasión de unha conduta con repercusión penal. O mais frecuente era que esta pericia se presentase nos supostos de accidente de tráfico, pero a *Lei Orgánica 1/2015 de reforma do Código Penal* tivo importantes consecuencias nas pericias de tráfico, xa que logo a despenalización das lesións derivadas de imprudencias leves deixou fora do ámbito penal numerosas condutas e, con isto, a vía penal que tiñan os prexudicados nestes accidentes para o acceso ó médico forense e o seu informe pericial. Os efectos desta despenalización foi moi evidente nos anos 2016 e 2017 xa que logo pasouse de 9082 pericias neste campo no ano 2014, as 906 no 2017.

Os efectos desta despenalización xa están amortizados, e a pericia de tráfico neste ano experimentou un ascenso do 82,45%, cun total de pericia de 1653. Aínda este incremento as cifras absolutas de pericia quedan moi lonxe das mais de 9000 do ano 2014. Xa veremos como evoluciona esta pericia nos anos vindeiros, coa nova modificación do Código Penal que volve a introducir algunhas conductas imprudentes na circulación.

As pericias a particulares introducidas pola *Lei 35/2015 de 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e prexuízos causados ás persoas en accidentes de circulación*, que entrou en vigor o 1 de xaneiro do 2016, tamén seguen aumentando, pasando das 327 do ano 2016 as 991 do 2018, cun aumento do 18,82% sobre as realizadas no 2017, que pechouse con 834 solicitudes.

Neste momento, a valoración de lesións faise principalmente nos casos de agresións, ordinarias ou de violencia de xénero. O estudo médico legal das lesións non mortais no ámbito penal pode ter por obxecto aclarar moitos factores de grande interese para a Xustiza como son a valoración da necesidade de tratamento e o tipo do mesmo, identificación do tipo de arma ou armas empregadas, número de agresores, condicións de especial vulnerabilidade da vítima, xeito de producirse a agresión, etc.

A determinación do estado psicofísico e unha pericia solicitada sobre todo dentro da xurisdición social, en relación coa capacidade laboral, pero tamén na xurisdición penal, como por exemplo na capacidade de cumprir unha determinada pena ou de ser obxecto de algunha medida extraordinaria por mor da enfermidade, como as excarceracións por razóns humanitarias.

O seguinte cadro amosa a distribución das valoracións físicas ou psicofísicas por tipo de pericia e o número de informes emitidos:

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2018		
VALORACIÓN FÍSICA-PSICOFÍSICA		
	Lesións en agresións ordinarias	7.269
	Lesións ligadas a violencia de xénero	1.059
	Lesións fortuítas	175
	Lesión laborais	439
	Lesión de tráfico	1.638
	Estado de saúde	338
	Valoración da capacidade laboral	85
	Valoración da minusvalía-discapacidade	224
NÚMERO TOTAL DE PERICIAS DE VALORACIÓN PSICOFÍSICA		11.227

As lesións de tráfico valóranse tanto no ámbito xudicial penal, como no eido extraxudicial o amparo da *Lei 35/2015 de 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e prexuízos causados ás persoas en accidentes de circulación*, realizándose pericias a particulares nesta materia concreta. Este ano as valoracións ligadas a este tipo de pericia acadaron as 991

VALORACIÓN NO CAMPO DA PSIQUIATRÍA FORENSE

No apartado da psiquiatría forense os Xuíces e Fiscais poden solicitar calquera valoración propia desta materia médica, as pericias mais demandadas son as seguintes:

- As pericias en relación coa capacidade de culpabilidade, que se realizan no marco de moitos procedementos penais, nos que se solicita a valoración e detección de estados mentais patolóxicos que puidesen influír na capacidade do acusado, de comprender e obrar ó momento da comisión do acto delituoso.
- As pericias en relación coa capacidade civil de actuar libremente no autogoberno persoal e na administración dos bens, que se realizan nos procesos de incapacidade.
- A pericia na supervisión xudicial dos internamentos psiquiátricos involuntarios
- A Valoración do dano psíquico. Esta pericia pode ser de carácter exclusivamente médico ou facerse en colaboración con outros peritos, como os psicólogos e os traballadores sociais.

No ano 2018 as pericias nesta materia se manteñen en cifras parecidas o ano 2018, cun pequeno descenso sobre todo nas pericias sobre incapacidade, mentres séguense incrementando as pericias en relación cos internamentos psiquiátricos e residenciais.

O seguinte cadro amosa a distribución da pericia médica no campo da psiquiatría forense, e o número de informes emitidos nesta materia:

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2018		
PSIQUIATRÍA FORENSE		
	Medidas de seguridade e control de tratamento	180
	Dano psíquico	200
	Determinación de drogadicción	716
	Imputabilidade	1.275
	Incapacidade	3.403
	Internamentos involuntarios en unidades psiquiátricas	2.655
	Internamentos involuntarios en centros residenciais	1.792
	Outras valoracións psiquiátricas	209
NÚMERO TOTAL DE PERICIA DE PSIQUIATRÍA FORENSE		10.430

PERICIA MÉDIA EN VIOLENCIA DE XÉNERO

Nesta materia, a intervención do médico forense pode producirse de forma illada, como valoración das lesións físicas ou psicofísicas. Esta valoración prodúcese principalmente de xeito urxente, trala denuncia da muller. Outro tipo de valoración é a que realizan as unidades de valoración integral de violencia de xénero, integradas por un médico forense un psicólogo e un traballador social. Estas valoracións se realizan de xeito programado, ben por solicitude directa do Xulgado instructor, ben por proposta do médico forense trala valoración inicial de urxencia.

As cifras de traballo médico forense en violencia de xénero no ano 2018 reflíctense no seguinte cadro

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2018		
PERICIA EN VIOLENCIA DE XÉNERO		
	Valoración médica de lesións físicas ou psicofísicas por agresión de violencia de xénero	1059
	Valoración integral de violencia de xénero	310
NÚMERO TOTAL DE PERICIAS EN VIOLENCIA DE XÉNERO		1.369

A cifra global e igual ó ano anterior, pero a proporción varía, incrementándose a valoración integral, en consonancia co sucedido en anos anteriores.

OUTRAS PERICIAS DE CLÍNICA MEDICO FORENSE

Por último, ó Servizo de Clínica forense se remiten todas as cuestión dentro das competencias da medicina que se poidan formular dende os Xulgados, Tribunais e Fiscalías que non se centren na investigación da morte, campo específico da Patoloxía forense.

Estas pericias recóllense no apartado outros, xunto con outras pericias habituais, que non teñen encaixe específico na valoración física/psicofísica nin na psiquiatría forense como son: a valoración da adecuación dos actos médicos a “lex artis”, a valoración en relación con denuncias de agresión sexual e a determinación da idade en suxeitos indocumentados.

O seguinte cadro presenta estas outras pericias

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2018		
OUTRAS PERICIAS MÉDICAS		
	Agresións sexuais	304
	Determinación da idade	19
	Neglixencias médicas	101
	Outras pericias	707
NÚMERO TOTAL DE OUTRAS PERICIAS		1.131

A distribución territorial da actividade médica en Clínica Forense preséntase, de xeito resumido, no seguinte cadro:

SUBDIRECCIÓNS		A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Valoración de lesións	Agresións ordinarias	1.556	469	785	794	1.184	1.180	1.301	7.269
	Agresión violencia de xénero	300	30	142	147	95	182	163	1.059
	Lesións fortuítas	20	8	15	6	11	21	94	175
	Lesións laborais	161	25	51	16	28	52	106	439
	Lesións tráfico	264	87	180	81	280	342	404	1.638
	Nº Pericias	2.301	619	1.173	1.044	1.598	1.777	2.068	10.580
Valoración de capacidade psicofísica	Estado de saúde	51	10	38	21	39	60	119	338
	Laboral	12	19	4	7	0	5	38	85
	Minusvalía-discapacidade	45	2	7	20	1	83	66	224
	Nº Pericias	108	31	49	48	40	148	223	647
Valoración psiquiátrica	Imputabilidade	323	47	186	65	339	113	202	1.2075
	Medidas de seguridade e seguimento	90	2	19	6	54	7	2	180
	Incapacitacións	649	155	803	489	346	577	384	3.403
	Internamentos psiquiátricos	406	164	391	215	319	564	596	2.655
	Dano psíquico	5	1	44	41	2	14	93	200
	Outros	57	7	32	23	21	61	8	209
	Determinación de drogas	48	19	76	58	9	120	386	716
	Internamentos residenciais	169	122	329	427	235	260	250	1.792
	Nº Pericias	1.747	517	1.880	1.324	1.325	1.716	1.921	10.430
Outras pericias médicas	Agresión sexual	62	14	35	40	26	43	84	304
	Determinación da idade	2	0	2	2	2	1	10	19
	Neglixencias médicas	14	12	12	9	14	13	27	101
	Outros	127	96	89	28	130	108	129	707
	Nº Pericias	205	122	138	79	172	165	250	1.131
Valoración integral de Violencia de xénero	Valoración integral de Violencia de xénero	161	0	27	3	21	30	68	310
	Nº Pericias	161	0	27	3	21	30	68	310
Total de pericias		4.522	1.289	3.267	2.498	3.147	3.836	4530	23.098
Nº de informes emitidos		3811	1181	3772	2238	2795	3838	4666	22301
NON ASISTENCIAS		826	93	52	251	449	711	765	3147

Como se reflicte no anterior recadro hai moita disparidade entre o peso dunha ou outra pericia por Subdireccións. Así, a valoración integral de violencia de xénero ten moito peso na Subdirección de A Coruña, onde se fai mais da metade destas valoracións. É tamén salientable o número de pericias en relación co internamento en centros residenciais, onde as provincias mais envellecidas amosan os maiores números.

PERICIA PISCOLÓXICA Y PERICIA SOCIAL

Introdución y datos xerais

A psicoloxía e o traballo social forense naceu principalmente ligado ó asesoramento en materia de familia e as Fiscalías de menores, no primeiro caso como equipos psicossociais que dende o ano 2006 quedaron integrados no Imelga e, no segundo, formando parte dos equipos técnicos de menores, dependentes das Fiscalías de menores.

A práctica da psicoloxía e o traballo social forense evolucionou moito nestes últimos anos, e a demanda de pericia, inicialmente ligada a actividade de familia. Aínda que esta pericia segue sendo prioritaria, a demanda pericial, principalmente psicolóxica, foise diversificando nestes últimos anos. Con respecto ós psicólogos, no pasado 2018 a pericia en materia de familia supuxo un 72,25% da súa actividade pericial. Para os traballadores sociais, a pericia nesta materia supuxo un 85,92% da súa actividade pericial. Estes datos globais presentan variacións segundo a Subdirección de que se trate, pero independentemente disto a valoración en materia de familia segue a ser a actividade mais importante deste grupo de profesionais, en todas elas.

Deixando de lado a pericia en materia de familia, no campo da psicoloxía forense as pericias mais habituais son as que se refiren a valoración intelectual, cognitiva, de personalidade, credibilidade do testemuño de menores abusados e dano psicolóxico. Os traballadores sociais, pola súa banda, poden tamén erixirse en expertos para ó apoio as vítimas e poden aportar a súa perspectiva nas pericias anteriores, pero tamén fan informes de valoración social con aplicación tanto no ámbito penal (casos de imputabilidade, valoración do dano social, repercusión da discapacidade, etc.) como no ámbito civil onde o informe social pode aportar datos de moito interese a hora de avaliar a capacidade de obra dun suxeito ou asesorar sobre a súa rede de apoio.

Os Xulgados e as Fiscalías tamén se apoian nos psicólogos para a toma de declaración de menores e incapaces.

A continuación pasaremos a analizar a actividade pericial psicolóxica y social no ano 2018. Como no caso da pericia médica, na seguintes táboas amósanse as cifras por tipo de pericia, psicolóxica e social, e por Subdirección.

PERICIA PSICOLÓXICA

No ano 2018 o traballo dos psicólogos segue centrada no traballo en materia de familia, e aínda que baixou case 2 puntos con respecto o ano anterior, segue a ser a materia con mais carga de traballo, cun 72,25%.

Formando parte das unidades de valoración integral de violencia e xénero, xunto cun médico forense e un traballador social, fixeron 310 valoracións, o que supón un 10,43% da súa actividade.

A pericia propiamente psicolóxica aumentou 4 puntos con respecto o ano anterior e sitúase no 17,32% da carga de traballo deste profesionais. Este tipo de valoración se distribúen do seguinte xeito: credibilidade do testemuño en menores vítimas de abuso sexual (6,49%), avaliación do dano psicolóxico (3,39%), avaliación da personalidade (1%), avaliación cognitiva (0,87%), intelectual (0,84%) e outras pericias psicolóxicas (4,7%).

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2018		
PSICOLOXÍA FORENSE		
	VALORACIÓNS PSICOLÓXICAS	440
	INTERCONSULTA PSICOLÓXICA	75
	PERICIA EN VALORACIÓN INTEGRAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO	310
	PERICIA PSICOSOCIAL EN MATERIA DE FAMILIA	2.148
NÚMERO TOTAL DE PERICIA PSICOLÓXICA SOLICITADA		2.973
NÚMERO DE INFORMES EMITIDOS		1.760
OUTRAS ACTUACIÓNS		443
TOTAL INFORMES+ACTUACIONES		2.230
No asistencias		117

DISTRIBUCIÓN DA PERICIA PSICOLÓXICA POR SUBDIRECCIÓN

No seguinte cadro amósase a carga e distribución de traballo en psicoloxía forense por Subdireccións

SUBDIRECCIÓN		A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Valoración psicosocial	Valoración da garda e custodia	325	95	106	52	283	341	264	1.466
	Modificacións de medidas	109	71	70	42	35	62	44	433
	Outras	17	39	33	43	36	52	29	249
	Total por pericia	451	205	209	137	354	455	337	2.148
Interconsulta psicolóxica	Dano psicolóxico	2	0	1	1	0	11	0	15
	Valoración da personalidade	2	0	2	4	1	4	0	13
	Valoración intelectual	0	0	3	2	3	1	0	9
	Valoración cognitiva	0	0	2	1	0	1	1	5
	Outros	2	0	2	0	7	21	1	33
	Total por pericia	6	0	10	8	11	38	2	75
Valoración psicolóxica	Credibilidade testemuña Menores abusados	40	1	24	15	31	44	38	193
	Dano psicolóxico	14	0	2	6	0	60	4	86
	Valoración da personalidade	3	0	1	4	1	5	3	17
	Valoración intelectual	2	0	0	7	0	3	4	16
	Valoración cognitiva	1	0	0	6	1	8	5	21
	Outros	10	1	8	12	21	49	6	107
	Total por pericia	70	2	35	50	54	169	60	440
Valoración integral de Violencia de xénero	Valoración de Violencia de xénero	161	0	27	3	21	30	68	310
	Total por pericia	161	0	27	3	21	30	68	310
TOTAL PERICIAS		688	207	281	198	440	692	467	2.973
Nº de informes xerados		403	144	271	139	323	205	275	1760
Outras actuacións		26	12	71	47	196	90	1	443
No asistencia		38	2	7	11	0	9	50	117

Chama poderosamente a atención o incremento da pericia psicolóxica da Subdirección de Santiago de Compostela, que iguálase á da Subdirección de A Coruña, Subdirección con o histórico de carga de traballo maior.

PERICIA SOCIAL

A pericia social realízase case toda dentro dunha avaliación multidisciplinar, ben en colaboración co psicólogo, ben con este e o médico forense, nas unidades de valoración integral de violencia de xénero. Así, o 98,32% do traballo deste profesionais, lígase a solicitudes de pericia conxunta, ben en asuntos de familia 85,92%, ben nas demandas de valoración integral de violencia de xénero, cun 12,4%

A pericia social illada segue sendo moi pouco frecuente, seguramente polo descoñecemento desta figura, e das cousas que estes profesionais poden aportar no curso dunha investigación xudicial. Neste ano a pericia social exclusiva descende un pouco en comparación o ano 2017 es sitúase nun 1,68% da carga de traballo destes peritos.

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2018		
TRABALLO SOCIAL FORENSE		
	VALORACIÓNS SOCIAIS	37
	INTERCONSULTA SOCIAL	2
	OUTROS	3
	PERICIA PSICOSOCIAL EN MATERIA DE FAMILIA	2.148
	PERICIA EN VALORACIÓN INTEGRAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO	310
NÚMERO TOTAL DE PERICIAS DE TRABALLO SOCIAL SOLICITADAS		2.500
INFORMES EMITIDOS		1.376
OUTRAS ACTUACIÓNS		592
TOTAL DE INFORMES+ACTUACIÓNS		1.968
NO ASISTENCIAS		84

DISTRIBUCIÓN DA PERICIA SOCIAL POR SUBDIRECCIÓN

Nas seguinte táboa amósase a carga de traballo e a distribución da pericia de traballo social por Subdireccións:

SUBDIRECCIÓNS		A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Valoración psicosocial	Valoración da garda e custodia	325	95	106	52	283	341	264	1.466
	Modificacións de medidas	109	71	70	42	35	62	44	433
	Outras	17	39	33	43	36	52	29	249
	Total por pericia	451	205	209	137	354	455	337	2.148
	Outras	0	0	0	0	3	0	0	3
	Total por pericia	0	0	0	0	3	0	0	3
Valoración social	Interconsulta social	0	0	0	2	0	0	0	2
	Valoración social	0	0	0	2	25	8	2	37
	Total por pericia	0	0	0	4	25	8	2	39
Valoración integral de Violencia de xénero	Valoración de Violencia de xénero	161	0	27	3	21	30	68	310
	Total por pericia	161	0	27	3	21	30	68	310
TOTAL PERICIAS		612	205	236	144	403	493	407	2.500
Nº de informes xerados		316	133	219	116	256	103	233	1.376
Otras actuacións		24	10	63	39	406	50	0	592
No asistencia		34	2	5	5	0	2	36	84

MEMORIA DO SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE

Ó Servizo de Patoloxía forense reúne todas as pericias que teñen por obxecto coñecer a causa e as circunstancias da morte, nos casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade. A participación do médico forense na investigación xudicial da morte tradúcese, na práctica, na realización do levantamento do cadáver e a posterior autopsia, así como na elaboración dos informes ligados a tales actividades. Tamén atende as petición do Rexistro Civil en relación coa supervisión de certificados de defunción.

Complementando as autopsias, realízanse todos os estudos complementarios que o médico forense estime oportunos. Estes estudos poden recaer sobre órganos, tecidos ou mostras biolóxicas, pero tamén sobre calquera elemento ou rastro atopado no cadáver. Os laboratorios de referencia para estes estudos complementarios son os de o Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses (INTCF) de Madrid, e tamén se conta coa colaboración do Instituto de Medicina Legal “Luís Concheiro” da Universidade de Santiago de Compostela, sobre todo no que atinxe a probas toxicolóxicas e de xenética forense.

Pero sendo a morte violenta e a sospeitosa de criminalidade o seu campo de actuación, a intervención do médico forense na morte natural non para de crecer. Moitas destas mortes son mortes súbitas que suceden de xeito brusco en persoas sas, sen antecedentes patolóxicos que xustifiquen tal acontecemento, o que as volve mortes sospeitosas; pero outras moitas, son mortes que suceden en persoas enfermas, con ou sen tratamento, de cuxas patoloxías son coñecedores os servizos médicos asistenciais, que deberían ser os encargados de certificar o falecemento e non desviar a morte a investigación xudicial, sen razón xustificada. Séguese traballando para coñecer que factores están na orixe desta derivación, e para procurar un procedemento común que implique os estamentos sanitarios e xudiciais, a fin de evitar a “penalización” da morta morte, claramente natural, no ámbito extrahospitalario.

Nesta memoria preséntanse as cifras globais e por Subdireccións do Servizo de Patoloxía forense neste pasado 2018. A continuación faise unha análise da evolución da investigación da morte nos últimos 7 anos, preséntase un estudio mais detallado sobre o suicidio e vólvese presentar ó análise da morte por feitos relacionados coa circulación de vehículos a motor no ano 2018.

O seguinte cadro presenta de forma resumida a actividade do servizo o longo do ano 2018

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2018

Nº AUTOPSIAS POR SUBDIRECCIÓN E NATUREZA DA MORTE

Subdirección	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	TOTAL
Morte violenta	224	58	117	95	75	167	176	912
Morte natural	276	57	147	101	99	179	201	1060
TOTAL	500	115	264	196	174	346	377	1972

No pasado 2018 incrementouse en un 7,1% a actividade global do Servizo de Patoloxía forense. A este incremento contribuíu de forma mais salientable a Subdirección de Vigo, cun incremento de actividade do 24,25% . Pola contra, Ourense e Pontevedra, presentaron descenso dun 2,4% e un 18,6% respectivamente na súa actividade de patoloxía forense, con respecto o ano 2017.

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2018		
NUMERO TOTAL DE MORTES INVESTIGADAS POR NATUREZA-ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL E CAUSA DE MORTE		
Nº MORTES INVESTIGADAS		1972
MORTE VIOLENTA		912
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	9
	SUICIDA	288
	ACCIDENTAL	615
		912
CAUSA DA MORTE	Lesións por arma branca	7
	Lesións por arma de fogo	13
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	10
	Asfixias mecánicas	298
	Reacción adversa a drogas	40
	Intoxicacións	52
	Traumatismos	492
	No especificada	0
MORTE NATURAL		1060
IDADE	PERINATAL	3
	INFANTIL	0
	ADULTO	1057
		1060
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	36
	Patoloxía dixestiva	38
	Patoloxía respiratoria	85
	Patoloxía cardiovascular	754
	Patoloxía endocrino-metabólica	11
	Patoloxía xenitourinaria	8
	Outras patoloxías	34
	Indeterminadas	46
	Pendientes de resultados	48

A morte natural segue a ser o tipo de morte mais frecuente, cun 53,75%, fronte o 46,2% de morte violenta.

A continuación amósanse os mesmos datos do cadro anterior por Subdireccións:

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2018 A CORUÑA		
Nº MORTES INVESTIGADAS		500
MORTE VIOLENTA		224
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	5
	SUICIDA	66
	ACCIDENTAL	153
		224
CAUSA DA MORTE	Arma branca	4
	Arma de fogo	6
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	5
	Asfixias mecánicas	79
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	17
	Intoxicacións	4
	Traumatismos	109
MORTE NATURAL		276
IDADE	PERINATAL	0
	INFANTIL	0
	ADULTO	276
		276
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	12
	Patoloxía dixestiva	11
	Patoloxía respiratoria	16
	Patoloxía cardiovascular	214
	Patoloxía endocrino-metabólica	1
	Patoloxía xenitourinaria	1
	Outras patoloxías	16
	Indeterminadas	5
	Pendientes de resultados	0

A Coruña incrementou a súa actividade nun 9,06% e segue a ser a Subdirección con mais carga de traballo no campo da patoloxía forense.

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2018		
FERROL		
Nº MORTES INVESTIGADAS		115
MORTE VIOLENTA		58
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	0
	SUICIDA	17
	ACCIDENTAL	41
		58
CAUSA DA MORTE	Arma branca	1
	Arma de fogo	0
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	1
	Asfixias mecánicas	20
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	2
	Intoxicacións	5
	Traumatismos	29
TOTAL		
MORTE NATURAL		57
IDADE	PERINATAL	0
	INFANTIL	0
	ADULTO	57
		57
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	1
	Patoloxía dixestiva	1
	Patoloxía respiratoria	1
	Patoloxía cardiovascular	42
	Patoloxía endocrino-metabólica	0
	Patoloxía xenitourinaria	0
	Outras patoloxías	1
	Indeterminadas	1
	Pendientes de resultados	10

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2018		
LUGO		
Nº MORTES INVESTIGADAS		264
MORTE VIOLENTA		117
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	1
	SUICIDA	47
	ACCIDENTAL	69
		117
CAUSA DA MORTE	Arma branca	1
	Arma de fogo	0
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	1
	Asfixias mecánicas	38
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	2
	Intoxicacións	14
	Traumatismos	61
TOTAL		
MORTE NATURAL		147
IDADE	PERINATAL	0
	INFANTIL	0
	ADULTO	147
		147
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	4
	Patoloxía dixestiva	2
	Patoloxía respiratoria	10
	Patoloxía cardiovascular	119
	Patoloxía endocrino-metabólica	5
	Patoloxía xenitourinaria	0
	Outras patoloxías	1
	Indeterminadas	6
	Pendientes de resultados	0



SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2018		
OURENSE		
Nº MORTES INVESTIGADAS		196
MORTE VIOLENTA		95
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	1
	SUICIDA	40
	ACCIDENTAL	54
		95
CAUSA DA MORTE	Arma branca	4
	Arma de fogo	1
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	0
	Asfixias mecánicas	33
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	1
	Intoxicacións	1
	Traumatismos	55
MORTE NATURAL		101
IDADE	PERINATAL	2
	INFANTIL	0
	ADULTO	99
		101
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	2
	Patoloxía dixestiva	5
	Patoloxía respiratoria	3
	Patoloxía cardiovascular	55
	Patoloxía endocrino-metabólica	1
	Patoloxía xenitourinaria	0
	Outras patoloxías	8
	Indeterminadas	14
Pendientes de resultados	13	
TOTAL		101

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2018		
PONTEVEDRA		
Nº MORTES INVESTIGADAS		174
MORTE VIOLENTA		75
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	0
	SUICIDA	22
	ACCIDENTAL	53
		75
CAUSA DA MORTE	Arma branca	0
	Arma de fogo	0
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	0
	Asfixias mecánicas	25
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	3
	Intoxicacións	6
	Traumatismos	41
MORTE NATURAL		99
IDADE	PERINATAL	0
	INFANTIL	0
	ADULTO	99
		99
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	4
	Patoloxía dixestiva	6
	Patoloxía respiratoria	6
	Patoloxía cardiovascular	71
	Patoloxía endocrino-metabólica	0
	Patoloxía xenitourinaria	0
	Outras patoloxías	1
	Indeterminadas	3
	Pendientes de resultados	8

**SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2018**
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nº MORTES INVESTIGADAS		346
MORTE VIOLENTA		167
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	1
	SUICIDA	46
	ACCIDENTAL	120
		167
CAUSA DA MORTE	Arma branca	0
	Arma de fogo	3
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	0
	Asfixias mecánicas	54
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	2
	Intoxicacións	7
	Traumatismos	101
	No especificada	0
MORTE NATURAL		179
IDADE	PERINATAL	0
	INFANTIL	0
	ADULTO	179
		179
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	8
	Patoloxía dixestiva	6
	Patoloxía respiratoria	21
	Patoloxía cardiovascular	111
	Patoloxía endocrino-metabólica	1
	Patoloxía xenitourinaria	3
	Outras patoloxías	4
	Indeterminadas	8
Pendientes de resultados	17	


SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2018		
VIGO		
Nº MORTES INVESTIGADAS		377
MORTE VIOLENTA		176
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	1
	SUICIDA	50
	ACCIDENTAL	125
		176
CAUSA DA MORTE	Arma branca	0
	Arma de fogo	3
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	3
	Asfixias mecánicas	46
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	13
	Intoxicacións	15
	Traumatismos	96
MORTE NATURAL		201
IDADE	PERINATAL	1
	INFANTIL	0
	ADULTO	200
		201
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	5
	Patoloxía dixestiva	7
	Patoloxía respiratoria	28
	Patoloxía cardiovascular	142
	Patoloxía endocrino-metabólica	3
	Patoloxía xenitourinaria	4
	Outras patoloxías	3
	Indeterminadas	9
	Pendientes de resultados	0

O incremento da actividade do Servizo de Patoloxía máis salientable corresponde a experimentada na Subdirección de Vigo, cun incremento dun 24,25%.

ESTUDO DA PERICIA EN PATOLOXÍA FORENSE

A actividade en patoloxía forense deste último ano e a maior dende o 2012. Incrementouse a actividade de xeito global, tanto da morte violenta, como da morte natural, que segue a superar a morte violenta en número de investigacións.

Muerte violenta/Muerte natural 2012-2018



Na morte natural a patoloxía máis salientable é a cardiovascular, que supón un 70,84% de todas as causas de morte natural do noso Servizo de Patoloxía. Isto e lóxico se se pensa que a morte por estas patoloxías preséntase xeralmente de forma rápida, súbita e inesperada, sen tempo a asistencia médica, polo que de xeito habitual estas mortes derívanse a investigación xudicial, aínda que non existan datos de sospeita de criminalidade.

ESTUDO DAS MORTES VIOLENTAS

No pasado 2018 tivemos 912 de mortes violentas, entre etioloxía homicida, suicida e accidental. As cifras son as que se reflicten no seguinte recadro.

Etioloxía Médico Legal	SUBDIRECCIÓN							Total
	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	
Homicida	5	0	1	1	0	1	1	9
Suicida	66	17	47	40	22	46	50	288
Accidental	153	41	69	54	53	120	125	615

O grupo mais importante de mortes violentas foron as accidentais. Nesta etioloxía inclúense as morte por accidentes de tráfico, os accidentes laborais e os fortuitos. Segue e importancia o suicidio, se ben, como veremos mais adiante, a cifra descendeu con respecto ós anos anteriores.


Como causa de morte, a mais frecuente e a morte por traumatismos, ben focalizados na cabeza, ben cadros de politraumatismo, ligados a violencias complexas como os accidentes de tráfico, laborais ou precipitación suicidas. Seguen en importancia as asfixias mecánicas. Dentro de este grupo as mais frecuentes son os aforcamentos suicidas e os afogamentos, xeralmente de carácter accidental.

Na seguinte táboa preséntase as causas de morte violenta, agrupadas por Subdireccións

Causa da morte	SUBDIRECCIÓN							
	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Lesións por arma branca	4	1	1	4	0	0	0	10
Lesiones por arma de fogo	6	0	0	1	0	3	3	13
Lesións eléctricas (electrocución)	0	0	0	0	0	0	0	0
Queimaduras	5	1	1	0	0	0	3	10
Asfixias mecánicas	79	20	38	33	25	54	46	295
Reacción adversa a drogas	17	2	2	1	3	2	13	40
Intoxicacións	4	5	14	1	6	7	15	52
Traumatismos	109	29	61	55	41	101	96	492

Os datos que preséntanse a continuación son por provincias, non por Subdireccións. A provincia de A Coruña inclúe as Subdireccións de A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela. Lugo e Ourense son Subdireccións de ámbito provincial. A provincia de Pontevedra engloba as Subdireccións de Pontevedra e Vigo.

MORTE HOMICIDA ANOS 2012-2018



Segue a descender o número de homicidios na nosa Comunidade. Este 2018 Lugo, Ourense e Pontevedra só rexistraron un homicidio. A provincia de A Coruña, se destaca sobre as outras e rexistra un total de 6 homicidios, case todos eles no territorio correspondente á Subdirección de A Coruña.

MORTE SUICIDA


Suicidios anos 2012-2018

Por primeira vez en sete anos a cifra de suicidios descende dos 300 casos. Os 288 casos do ano 2018 e o mellor dato desta serie histórica e supón un descenso dun 11,11% con respecto o ano anterior. Malia todo, son cifras moi altas, e o suicidio segue a ser un problema sanitario e social de primeira orde.

De xeito global pódese dicir que a vítima principal do suicidio son os homes, o mecanismo utilizado ó aforcamento e o lugar elixido para a conducta, o domicilio ou a súa contorna. A idade media dos falecidos foi de 59,59% cunha idade mínima de 18 anos e una idade máxima de 97 anos.


Suicidio-distribución provincial

No seguinte gráfico amósase a distribución provincial dos suicidios nestes últimos 7 anos.



Coma podemos ver, en termos absolutos a provincia de A Coruña segue a ser a que mais suicidios rexistra, seguida de Pontevedra, Lugo e Ourense. Pero en termos relativos, a taxa de incidencia dos suicidios, amosa que este é mais relevante en Lugo, seguido de Ourense, A Coruña e finalmente Pontevedra.

Os casos por 100.000 habitantes, excluídos os menores de 5 anos, das distintas provincias galegas no pasado ano 2018, foi a seguinte:



Con respecto o ano anterior, o número de suicidios descendeu en todas as provincias, con excepción de Lugo.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Ano 2017	149	44	46	85
Ano 2018	129	47	40	72
	↓13,42%	↑6,8%	↓13,04%	↓15,29%

Suicidio-distribución por sexo

O suicidio ten como principais vítimas os varóns, 199 fronte a 89 mulleres o que supón que os varóns son o 69,09% de todas as vítimas de suicidio.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Homes	90	33	27	49	199
Mulleres	39	14	13	23	89

Suicidio- Mecanismo suicida

De xeito global o aforcamento é o mecanismo suicida máis frecuente, pero a elección do mecanismo suicida cambia moito, segundo se trate de homes ou nas mulleres. O 83,05% dos homes recorreron ó aforcamento, mentres que as mulleres só fixeron nun 34,83%, optando por outros métodos suicidas no resto dos casos, principalmente a precipitación e o envelenamento.


	Total	Homes	Mulleres
Aforcamento	177	147	30
Precipitación	48	17	31
Envelenamento	23	12	11
Afogamento	18	9	9
Ferida por arma de fogo	12	11	1
Ferida por arma branca	4	2	2
Atropelo polo tren	3	1	2
Outras	3	0	3

Os envelenamentos mais frecuentes foron con medicamentos. Tamén se rexistraron casos de uso de plaguicidas e intoxicación por monóxido de carbono e gas butano.

MORTE ACCIDENTAL ANOS 2012-2018

As mortes accidentais non se presentan nunha distribución provincial, por canto a morte e a practica de a autopsia pódese producir nunha provincia distinta o sinistro, naqueles casos de morte diferida e tratamento hospitalario, tendo en conta os servizos médicos de referencia para algunhas patoloxías (unidades de queimados, de lesionados medulares, neurocirurxía, etc)

No ano 2018 a morte accidental subiu novamente, e de xeito importante, pasando dos 494 casos do ano anterior, os 615 deste ano, o que supón un incremento do 24,49%



Aínda que hai una gran variabilidade nos accidentes mortais, os mais habituais con son as caídas fortuítas e os accidentes de tráfico. Nesta memoria preséntase un estudio detallado sobre os accidentes relacionados coa circulación de vehículos a motor investigados no Imelga no pasado 2018.

ESTUDO DAS MORTES NA CIRCULACIÓN E USO DE VEHÍCULO A MOTOR

Interpretación dos datos

Como en anos anteriores facemos un análise máis pormenorizado dos falecementos accidentais no uso de vehículos a motor. Manexamos un concepto máis amplo que o de accidente de tráfico, xa que logo incluímos neste tipo de accidentes os que suceden en todo tipo de vías e por calquera vehículo a motor, ademais de contabilizar todas as mortes en relación con estes feitos, tanto as que se producen de forma inmediata ou nas horas posteriores ó accidente, coma aquelas que se producen de xeito diferido, días, semanas ou meses despois, como consecuencia da evolución y/ou complicacións xurdidas en relación directa coas lesións sufridas no momento do sinistro.


Por unha e outra razón as nosas cifras de mortos poden non coincidir coas que manexan outros organismos dado que o concepto de accidente de tráfico é máis restrinxido e nas súas estatísticas inclúense só os falecementos que se producen nun tempo limitado despois do sinistro (30 días).

Por último, a distribución xeográfica dos accidentes mortais tampouco teñen por que coincidir con outros estudos de sinistralidade, xa que logo, nos accidentes con supervivencia inmediata, a morte do suxeito pódese producir nun territorio distinto ó que sucedeu o sinistro.

Mortes en accidentes de circulación de vehículos a motor

Este pasado 2018, o número de vítimas en accidentes de circulación aumentou pasando de 115 a 138 vítimas mortais, o que supón un incremento dun 20%

A evolución nos últimos cinco anos, amósase graficamente no seguinte cadro:



No estudo dos accidentes de circulación mortais en Galicia, analizamos a distribución por idade, sexo, circunstancias do falecido e presentación o longo do ano. Tamén estudamos a influencia do alcohol e outras drogas no orixe dos accidentes de tráfico, de xeito que se realiza análise toxicolóxica a todos os condutores ou peóns falecidos.

DISTRIBUCIÓN POR SEXOS

A morte en accidente de tráfico segue tendo nos homes ás vítimas máis numerosas con unha diferenza moi grande, xa que falamos dun 79,98% homes, fronte a 21,01% un de mulleres. Ademais hai unha notable diferenza no tipo de usuario da vía segundo se trate de homes ou de mulleres falecidas.

MUERTES EN ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN – DISTRIBUCIÓN POR SEXO

DISTRIBUCIÓN POR SEXO	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Homes	26	9	12	18	8	19	17	109
Mulleres	6	3	3	1	6	3	7	29
	32	12	15	19	14	22	24	138

As mulleres falecidas o foron sobre todo como consecuencia de atropelos e como ocupantes. As condutoras falecidas sómente foron o 27,58% do total.

Pola contra, o 69,72% dos homes falecidos en accidentes de tráfico eran condutores. Neste grupo inclúense 27 dos 28 motoristas falecidos no pasado ano. O único ciclista falecido tamén era varón.

USUARIO DA VÍA	Peóns	Ocupantes	%	Condutores	%	Ciclistas
Homes	23	9	29,35%	76	69,72%	1
Mulleres	13	8	72,41%	8	27,58%	0

DISTRIBUCIÓN POR GRUPOS DE IDADE

DISTRIBUCIÓN POR GRUPOS DE IDADE	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
MENORES DE 15 AÑOS								1
0-4	0	0	0	0	0	0	0	0
5-9	0	0	0	0	0	0	0	0
10-14	0	0	0	0	0	1	0	1
MENORES DE 30 AÑOS								13
15-19	0	0	0	0	1	0	0	1
20-24	1	0	2	1	1	1	0	6
25-29	2	0	0	0	0	3	1	6
MENORES DE 45 AÑOS								35
30-34	3	2	0	1	0	1	2	9
35-39	3	1	0	4	1	1	1	11
40-44	1	0	0	2	2	6	4	15
MENORES DE 60 AÑOS								26
45-49	2	0	2	1	0	1	1	7
50-54	3	1	2	2	1	0	1	10
55-59	1	0	3	3	1	1	0	9
MENORES DE 75 AÑOS								33
60-64	0	1	0	2	1	0	0	4
65-69	2	0	2	1	2	2	6	15
70-74	4	2	0	1	1	3	3	14
MENORES DE 85 AÑOS								16
75-79	2	2	0	0	1	0	1	6
80-84	3	2	1	1	0	2	1	10
MÁS DE 85 AÑOS								14
85-89	2	1	1	0	2	0	3	9
+90	3	0	2	0	0	0	0	5
TOTAL	31	12	15	19	14	22	24	138

No seguinte cadro amósase o número de falecidos por grupos de idade dos últimos 6 anos.

Idade	< 15 años	< 30 años	< 45 años	< 60 años	< 75 años	< 85 años	> 85 años	No consta	Total
2013	1	22	29	15	36	16	8	0	127
2014	0	16	33	35	26	23	10	0	143
2015	3	25	24	22	27	20	8	2	131
2016	1	29	25	31	25	23	9	0	143
2017	1	17	25	24	22	18	8	0	115
2018	1	13	35	26	33	16	14	0	138

No ano 2018 a mortalidade ascendeu sobre todo entre as persoas de 35 a 39 anos, 65-69 anos e 70-74. No primeiro caso pasouse de 5 a 11 falecidos, no grupo de 65-69 de 9 a 15 falecidos e no caso dos de 70-74 anos, de 9 a 14 vítimas.

DISTRIBUCIÓN POR MESES

MUERTES EN ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN – DISTRIBUCIÓN POR MESES									
DISTRIBUCIÓN POR MESES		A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Xaneiro		5	1	0	1	1	1	0	9
Febreiro		3	0	1	1	0	0	1	6
Marzo		3	1	2	3	1	2	2	13
INVERNO 28									
Abril		2	0	1	0	1	0	0	4
Maio		2	0	1	2	0	3	3	11
Xuño		3	2	3	3	1	3	2	17
PRIMAVERA 33									
Xullo		2	2	0	1	4	3	4	16
Agosto		4	0	0	3	0	1	5	13
Setembro		4	3	1	1	2	1	4	16
VERANO 45									
Outubro		2	3	4	4	2	3	2	20
Novembro		1	0	2	0	1	0	0	4
Decembro		1	0	0	0	1	5	1	8
OUTONO 32									
TOTAL									138


No pasado 2018, os meses de inverno foron os que menos falecidos rexistraron, pola contra os tres meses de verán son os que mais mortes acumularon. Na primavera e no outono as cifras son practicamente iguais.

O seguinte cadro amosa a presentación dos accidentes de tráfico por estacións, dos últimos cinco anos.

	INVERNO	PRIMAVERA	VERANO	OUTONO	TOTAL
2013	32	33	31	31	127
2014	31	23	42	47	148
2015	26	26	38	41	131
2016	35	29	36	43	143
2017	27	38	21	30	115
2018	28	33	45	32	138

O aumento de vítimas no ano 2018 es practicamente explicado por el incremento presentado en los meses de verano, con incremento de 25 vítimas en ese trimestre.

A continuación preséntase de xeito visual os anteriores datos:



TIPO DE USUARIO DA VIA E VEHÍCULO IMPLICADO

Circunstancia do falecido- TIPO DE USUARIO E VEHÍCULO										
Condutor vehículo a motor						Ocupante	Ciclista	Peón	Outro	TOTAL
Turismo ou furgoneta	Camión	Moto	Tractor	outro						
50	2	28	4	0						
84						17	1	36	0	138

Os condutores seguen a ser as principais vítimas mortais dos accidentes. No ano 2018 supuxeron un 60,86% seguido dos peóns e os ocupantes, con 26,08% e 12,31% respectivamente.

Neste ano, o igual que o anterior, sómente faleceu un ciclista. En 2018, temos rexistrados 28 condutores de moto falecidos, 10 na provincia de A Coruña, 10 en Pontevedra, 6 en Ourense e 2 en Lugo.

TIPO DE ACCIDENTE

		TIPO DE ACCIDENTE				
Saída vía	Colisión entre vehículos	Atropelo		Outro	No especificado	Total
		Peón	Ciclista			
47	48	35	1	1	6	138

A saída de vía e a colisión entre vehículos son os accidentes mortais máis frecuentes.

A diferenza entre sexos en canto a modalidade de accidente e moi salientable. O atropelo e a primeira causa de falecemento entre as mulleres, mentres que os homes falecen principalmente como condutores nas distintas modalidades.

ESTUDO DO CONSUMO DE ALCOHOL E DROGAS ENTRE OS USUARIOS DA VÍA NON PASAXEIROS

Especial interese dedicamos a coñecer o consumo de alcohol ou drogas nos condutores, peóns ou outros usuarios da vía, que non sexan ocupantes, e que resulten mortos con ocasión dun accidente de tráfico. Neste estudo a colaboración dos axentes das FCSE que interveñen nos accidentes é fundamental: a finais do ano 2014 púxose en marcha unha colaboración coa Garda Civil de Tráfico e coas Policía Local con competencias na investigación de accidentes de tráfico, a fin de coñecer no momento de realizaren as autopsias, as circunstancias do falecido en relación co sinistro e tamén a modalidade de accidente acaecido.

Estes datos permiten seleccionar aquelas vítimas nas que está indicado o estudo de alcohol e drogas (condutores, peóns e outros usuarios non pasaxeiros de vehículos), podendo facer un estudo axeitado sobre a influencia destes tóxicos na xénese dos accidentes de tráfico mortais. Tamén se incluíu na analítica toxicolóxica os psicofármacos, concretamente as benzodiazepinas, dado o gran consumo destes fármacos en España e a súa influencia na conducción.

Das 121 vítimas susceptibles de seren incluídas no estudio, por tratarse de condutores, peóns ou outras vítimas non ocupantes, descartáronse aqueles falecidos cuxa morte foi diferida e con tratamento médico, ou nas que outra razón fixo imposible a realización do estudio. Así a mostra quedou en 107 falecidos.

Atópase alcohol ou drogas en 40 falecidos da mostra. A sustancia mais frecuentemente atopada foi o alcohol, positivo en 32 casos, ben como único tóxico (23 casos), ben en combinación con outras drogas (9 casos). As drogas que se consumiron conxuntamente có alcohol foron cocaína, ou cannabis e cocaína. Nos 7 positivos a drogas, tamén a droga principal foi a cocaína, soa ou en combinación có cannabis.

Os psicofármacos atopáronse en todos os casos en rango terapéutico. Houbo 1 caso de psicofármacos, en niveis terapéuticos, combinado con cocaína. Non houbo casos de mestura de alcohol con psicofármacos.

Toxicoloxía: alcohol, drogas de abuso, psicofármacos e combinacións destas substancias en condutores de todo tipo de vehículos, ciclistas ou peóns falecidos

Alcohol	Alcohol + drogas de abuso	%	Drogas de abuso	%	Psicofármacos + drogas de abuso	%
23	9	29%	7	6,5%	1	0,9%

Dos positivos en alcohol 3 foron peóns, con idades superiores ós 65 anos, todos eles homes. Dous deles presentaban cifras superiores o 1,2 gramos de alcohol por litro de sangue.

Consumo de alcohol e drogas- Presentación por sexos

O consumo de alcohol e drogas nos usuarios da vía non pasaxeiros é distinto segundo se trate de mulleres ou de homes.

As mulleres susceptibles de estudo de alcohol e drogas foron 21, pero 3 quedaron fora do estudo por supervivencia inmediata e tratamento médico. Destas mulleres, sómente dous deron positivo a alcohol, unha dela cunha cifra inferior ó límite legal.

Os homes susceptibles de estudo foron 100, pero quedaron fora por supervivencia inmediata e tratamento médico 11. Dos 89 estudados, 30 foron positivos a alcohol, ben só (21 casos) ben en combinación con outras drogas (9).

Todos os casos de consumo de drogas se deu entre homes.

Toxicoloxía: alcohol, drogas de abuso, psicofármacos e combinacións destas substancias en condutores de todo tipo de vehículos, ciclistas ou peóns falecidos. Distribución por sexos

	Alcohol	Alcohol + drogas de abuso	%	Drogas de abuso	Psicofármacos + drogas de abuso	%
Homes	21	9	33,7 %	7	1	8,98 %
Mulleres	2	0	11,11 %	0	0	0 %

Consumo de alcohol-Presentación por idade

A idade dos positivos para alcohol, só ou combinado con drogas, reflíctese na seguinte táboa

EDAD positivos alcohol													
<18	18-24	25-29	30-34	35-39	40-44	45-49	50-54	55-59	60-64	65-69	70-74	75-79	80-84
1	1	3	5	3	4	2	4	1	2	4	2	0	0

O grupo de idade con mais positivos ó alcohol foi o de 30-34 anos, e a idade media dos positivos foi 46,81 anos.

Consumo de alcohol-Presentación por provincias

A porcentaxe de positivos o alcohol segundo as provincias, e o que se presenta no seguinte recadro.

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Número de vítimas do estudo	47	15	18	27
Número de positivos o alcohol	18	3	5	6
Porcentaxe de positivos o alcohol	38,29%	20%	27,7%	22,22%

Distribución de los positivos a alcohol por provincias

RESULTADOS CUANTITATIVOS DA ANALÍTICA DE ALCOHOL EN SANGUE

En 6 dos casos, a cantidade de alcohol en sangue foi inferior a taxa permitida para os condutores en xeral (0,5 gr/l en sangue o 0,25 mgr/l en aire espirao) o que supón un 18,7%.

Entre o límite legal e os 2 gramos de alcohol por litro de sangue, situáronse o 28.12%

En un 53,12 % dos positivos se superaban os 2 gr/l. De acordo coa literatura médico legal, estas cifras se corresponden con una intoxicación etílica sintomática, independentemente da tolerancia dos suxeitos. Pero, ademais, en 3 dos casos superábanse os 3 gr/l o que indica una intoxicación moi grave.

Límite de alcohol permitido

Alcohol en	< 0,5	0.5-1	1-1.5	1.5-2	2-2.5	2.5-3	3-3.5	3.5-4	>4
sangre gr/l	6	1	4	4	7	7	1	1	1

UNIDADE DE ANTROPOLOXÍA FORENSE

No ano 2008 comeza a súa actividade a Unidade de Antropoloxía Forense (UAF) do Imelga, cunha actividade centrada nas seguintes materias:

- Estudo Antropológico Forense de osos e restos humanos.
- Colaboración antropológico forense nos levantamentos de cadáveres en avanzado estado de descomposición e de restos óseos en casos de interese criminal.
- Aplicación de técnicas de esqueletización en casos de cadáveres en avanzado estado de descomposición sempre e cando existan fundadas razóns de interese criminal do caso.
- Colaboración cos Patólogos Forenses na esqueletización de lesións óseas.
- Colaboración cos Médicos Forenses que o soliciten nas valoracións de estimación da idade
- Colaboración nos sucesos de múltiples vítimas mediante a aplicación de técnicas non rutinarias de identificación (antropológicas y odontológicas).
- Colaboración na búsqueda de restos humanos enterrados ou ocultos.
- Promoción da investigación e docencia no seu campo específico de actuación.

O longo do 2018 a Unidade de Antropoloxía forense interveu en 23 casos xudiciais da nosa Comunidade, o que supón un incremento con respecto ó ano anterior. Dende o 2006, ano de creación da unidade, o número de casos estudados son os que se presentan na seguinte táboa:

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Nº CASOS	12	22	14	35	39	52	43	39	23	19	23

A actividade pericial compaxinou se coa actividade científica e docente que desenvolve a unidade, con asistencia a congresos e colaboración en distintos proxectos como o estudio antropológico forense das fosas da Guerra Civil do cemiterio de El Carmen de Valladolid.

Séguese a traballar nos proxectos iniciados como o proxecto de búsqueda de corpos e obxectos enterrados, xunto coa empresa “Cóndor Georradar, e os de Esqueletización Fetal e Esqueletización mínima. casos, que chegan tanto de médicos forenses nacionais, como estranxeiros.

Tamén continuou os traballos en relación coa identificación de soldados arxentinos falecidos na guerra das Malvinas. Ata novembro de 2018 habíanse identificado 108 dos 123 soldados que inclúe o proxecto. O director da unidade, el Dr. Serrulla Rech, desprazouse a Ginebra para formar parte dunha reunión con delegacións diplomáticas de Arxentina e Reino Unido, para informar do estado actual da investigación. Nesa reunión tamén tiveron a oportunidade de conversar con familiares das vítimas.

ACTIVIDADE DOCENTE, INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E COLABORACIÓNS

Ademais da actividade pericial, o Imelga colabora na docencia, realiza investigación científica e colabora con outras entidades e organismos, proporcionando datos de gran interese sociolóxico.

Así, participa na formación práctica de estudantes do ciclo de formación profesional de Anatomía Patolóxica, dos estudantes de Psicoloxía e dos de Traballo social, e imparte varios seminarios os estudantes de medicina. No pasado 2018 empezamos a recibir alumnos de medicina, para a realización de prácticas extracurriculares no noso instituto.

Temos, ademais, varias solicitudes de médicos residentes de distintas especialidades, interesados en realizar una rotación en el Imelga. Este 2019 se pretende firmar un convenio que regule dichas prácticas.

Os médicos forenses están implicados na investigación e na produción científica, ben liderando determinados proxectos, ben colaborando con outros profesionais, proporcionando os datos necesarios para que estes leven a cabo súas investigacións. As colaboracións abarcan moitos aspectos da práctica cotiá, tanto en Clínica como en Patoloxía forense.

Finalmente, o Imelga colabora con outras entidades e organismos proporcionando datos de gran interese estatístico e sociolóxico, con importantes repercusións no desenvolvemento de programas de prevención sanitaria e de condutas de risco. O Imelga colabora activamente coa DXT e Garda Civil, no estudo dos accidentes de tráfico, e coa Subdirección Xeral de programas de fomento de estilos de vida saudables e a Subdirección Xeral de información sobre saúde e epidemioloxía, da Consellería de Sanidade, proporcionando información sobre causas de morte en xeral, e circunstancias da mesma nos casos de reacción adversa a drogas de abuso.

No pasado 2018 iniciáronse contactos coa Consellería de Sanidade para colaborar no programa de prevención do suicidio en Galicia.